

RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO


Sobre o Premio Merlín

Bernardino Graña vén de acadar, por unanimidade do xurado, un dos galardóns máis representativos e cobizados no panorama actual das Nosas Letras: o Premio Merlín de literatura infantil 1993 coa obra titulada *O gaitero e o Rato Pérez*. Unha fermosa historia que pretende recuperar moitos dos valores perdidos da nosa cultura máis ancestral, continuamente depauperada pola civilización e o progreso acéfalo, sempre orientado en prol dun rápido beneficio, sen ter en conta moitas veces as nefastas consecuencias que provoca.

O autor idea un núcleo central da obra composto por dúas personaxes principais: Silvino "o gaitero" e o rato "Hi-Hi". Logo vai artellando capítulo a capítulo as doas necesarias para consolidar a novela con harmonía, evitando calquera atranco que poidera incidir negativamente no ritmo fluído da lectura, mediante unha linguaxe atractiva e de fácil comprensión, onde a onomatopea estimula coa súa música silandeira os oídos xordos do lector, transferindo así unha certa satisfacción inesgotable ó longo dos dezoito escuetos capítulos que compoñen o libro.

Nas primeiras páxinas o autor dá unhas coordenadas precisas para situarnos, e sen profundizar dabondo esquematiza a personaxe principal: Silvino, un canteiro afeccionado a tocar a gaita nos ratos libres, que nun accidente de traballo perde unha perna, e debe pasar certo tempo no hospital dunha cidade, para habituarse despois a unha nova perna ortopédica na casa da súa irmá maior (Helana), propietaria dunha modesta librería. Nesta casa, ademais, gana un amigo (o rato Hi-Hi) e o gusto pola lectura.

No seguinte capítulo Silvino volta de novo para a aldea levando consigo o seu pequeno amigo, comenzando deste xeito unha serie de aventuras, medos e alegrías que desembocan nun fermoso canto en defensa da natureza e dos soños perdidos. Un canto endóxico porque se fragua



Bernardino Graña.

sen saber tocar frauta nin gaita, sen soñar como artistas ou como nenos". As palabras son para Bernardino Graña un instrumento fundamental co que estimular mediante fórmulas variadas unha verdadeira animación á lectura, captando con inxenio as diferentes e desidiosas disposicións daqueles mozos ós que non lles é nada doado habituarse á mesma. Engadindo ademais un final aberto que dá pé a unha plena participación con moreas de posibilidades para traballos de aula. De tódalas figuras retóricas empregadas, debemos subliñar a perfecta utilización de prosopopea, medrando en intensidade no desenlace final, que utilizando ademais certos matices poéticos, integrados adecuadamente, enriquecen aínda máis a estrutura global do libro.

Foi Nietzsche quen dixo por boca de Zarathustra que para o xogo de crear é preciso levar a cabo unha tripla metamorfose de espírito: como o espírito se converte en camelo, o camelo en león, e o león por fin en neno. E foi Bernardino Graña quen dixo: "Cada vez síntome máis rapaz, máis como o meu pequeno fillo Denis".

dentro da montaña, no cerne das cousas, no corazón dos homes. Alí onde habitan os PERREPÉS (Pobo dos Ratos Pérez) que velan os soños dos nenos dende o seu mundo fabuloso e descoñecido. E abrangue a todos por igual, a pesar de que algúns "Tolos só saben correr e correr a procura de diñeiro... Eses que nós chamamos PA-PE-SÚS, ou sexa: Pailáns Perdidos de Superficie... Que son a maioría dos que andan pola codia da terra, sen sachar, sen investigar, a correr de aquí para alá,

Graña, Bernardino. *O gaitero e o Rato Pérez*. Edicións Xerais. Col. "Merlín". Vigo, 1994. 127 páxinas.